

TRES CORES: VERMELLO

Krzysztof Kieslowski, 1994


1352

ESTREA EN NUMAX: 02.08.2024 | V.O.S.E. | TP | 99 min

Valentina, una moza estudante que se gaña a vida como modelo, salva a vida dun can atropelado por un coche. A busca do seu dono condúcea a un xuíz xubilado que ten unha estraña obsesión: escoitar as conversas telefónicas dos seus veciños.

«Intenso relato de amores a primeira vista, infidelidades e casualidades que poden marcar unha vida. Respira cinema polos catro costados»

Fernando Morales, EL PAÍS



Unha obra mestra atemporal

Por Miguel Ángel Pizarro

Tras o seu paso pola cor *Azul* (1993) e a liberdade que conlevaba; e o *Branco* (1994) co seu particular concepto da igualdade; era o momento de pechar o círculo coa última das tres cores de Krzysztof Kieslowski. *Vermello* (1994) culmina unha magnífica saga a tres cunha interesante reflexión sobre o que significa a fraternidade en varias vertentes. Un relato que pasou polo Festival de Cannes, logrou un premio César, catro nomeamentos aos BAFTA e tres aos Oscar.

Valentina é unha moza estudante que traballa como modelo a tempo parcial para gañar algo de diñeiro. Unha noite, a moza atopela accidentalmente un can. Ao ver que ten unha placa cunha dirección, Valentina decide levar o animal xunto co seu dono. Alí coñece a Joseph Kern, un xuíz retirado e rosmón que se dedica a espiar as conversas telefónicas dos seus veciños. A pesar de que lle cause unha inicial aversión, Valentina seguirá interesada en falar co ancián, ao que aos poucos lle irá collendo aprecio.

Se en *Azul*, Francia era o escenario e en *Branco* o era Polonia, para concluír este terceto o cineasta trasládase a Suíza. Sen dúbida, unha elección deliberada, co carmín como fondo da súa bandeira e un exemplo ideal para mostrar o que significa a fraternidade. Neste caso, Kieslowski aposta por unha mirada máis optimista que nos seus anteriores relatos, aínda que para iso haxa que mostrar tamén o lado máis amargo da propia vida.

Valentina, interpretada maxistralmente por Irène Jacob (que xa traballou con Kieslowski n'*A dobre vida de Verónica* (1991)), simboliza excepcionalmente o sentido da irmandade. Kieslowski xoga cos seus personaxes coma se de palabras encadeadas se tratase, unha forma de demostrar que o amor fraternal conecta a persoas que non teñen por que, aparentemente, estar relacionadas. É así como unha moza universitaria, inxenua e chea de vida pode conectar e entenderse cun xuíz ancián, rosmón e cun pasado que lle pesa como unha lousa, encarnado tamén por un solemne Jean-Louis Trintignant, que lle serviu como preludio para o que sería despois *Amor* (Michael Haneke, 2012).

Os lazos, as relacións, todo pode estar conectado por liñas invisibles. Con todo, Kieslowski non pretende crear unha longametraxe para mostrar o rostro máis belo do amor semellante ao dos irmáns, claro que non. A fraternidade pode conlevar a ter tamén un nexo agridoce. Non é casualidade que a moza Valentina non se fale co seu irmán de sangue, como a infidelidade do personaxe de Karin cara ao inxenuo Auguste. Co cal, esta proposta abarca múltiples tipos de relación, levando a varios niveis ese concepto da fraternidade, o que converte a *Vermello* nunha película que pode ter varios tipos de conclusións, todas elas igual de válidas, e iso convértea nunha obra mestra.

Confeccionada cunha serena firmeza, *Vermello* vai alén de pechar unha triloxía pola porta grande, é o testamento dun cineasta que parecía prever o que lle ía a suceder. Unha obra exquisita, rica en matices, excepcionalmente bela no seu apartado visual, cunhas interpretacións maxistrais e con varios subtextos e capas que fan deste ensaio cinematográfico unha reflexión con múltiples tonalidades avermelladas, como un atardecer outonal en Xenebra. O círculo péchase e, con el, o recordo destas tres obras atemporais, eternas e que fixeron do seu creador un dos autores imprescindibles na historia do cinema.